

Sumario

PENSAMIENTO E POLÍTICA

Enric Ucelay-Da Cal <i>Acerca de la autenticidad: un ensayo sobre la credibilidad de las ideas políticas</i>	11
Manuel Cruz <i>Contra la clausura del futuro</i>	23
Ángel G. Loureiro <i>Las neuronas espejo, el otro y la muerte</i>	28
Federico Mayor Zaragoza <i>Cultura de Paz: la gran transición de la fuerza a la palabra</i>	36
Emilio Pérez Touriño <i>Reforma del Estado y las autonomías</i>	47
Ignacio Álvarez-Ossorio Alvariño <i>La transición egipcia: crónica de una revolución fracasada</i>	61
Juan José Tamayo-Acosta <i>El concilio vaticano II, ¿una utopía?</i>	71
Carlos Fernández <i>Ioguis, sacerdotes e comisarios. No centenario do nacemento de Albert Camus</i>	81
Alba Gómez Varela <i>Gdeim Izik, la vida saharauí tres años después del 'Campamento de la Dignidad'</i>	87
Jaime Rodríguez-Arana <i>Caracterización de las políticas centristas</i>	97

COMUNICACIÓN

Antonio López Pina <i>Internet: Un pretexto para discurrir sobre los límites y las potencialidades del Derecho</i>	113
Vicente J. Navarro Marchante <i>La utilización de cámaras ocultas por los periodistas</i>	129
Germán Castro Tomé <i>Entrega do IX Premio José Couso á liberdade de prensa no décimo aniversario da morte do cámara ferrolán</i>	141
María Ares Sanmartín <i>Sen Xornalistas non hai xornalismo e sen xornalismo non hai xornalistas</i>	143
Mónica García Prieto <i>Palabras de Mónica García Prieto con motivo de obtener el IX Premio José Couso de Libertad de Prensa</i>	146

HISTORIA

José Manuel Azcona Pastor y Javier Avilés Barandiarán <i>Aproximación a la historia contemporánea en el cine de Steven Spielberg</i>	149
Club de Prensa <i>El genocidio gitano en España y Alemania</i>	163
Pedro G. Romero <i>Lo real - Le Réel - The real</i>	165
Manuel Martín Ramírez <i>La prisión general de gitanos en el Arsenal de La Graña</i>	177

Antonio Gómez Alfaro <i>La gran redada de gitanos</i>	181
Sara Núñez de Prado y Clavell <i>Una relación disociada: Turquía y Europa</i>	193
Enriqueta Barranco <i>La obra de protección a la mujer en Lugo durante el franquismo: el reformatorio de Nuestra Señora de los Ojos Grandes</i>	215

ARTE E ARQUITECTURA

José Manuel González Herrán <i>Emilia Pardo Bazán y las óperas de Wagner</i>	227
Siro López <i>Retratos e caricaturas de Luís Mera</i>	237

LITERATURA

Xesús Alonso Montero <i>A miña visión de Francisco Fernández del Riego (1913-2010) como home de Letras (Formulación moi esquemática e incompleta)</i>	243
--	-----

CURSO GURMÉNDEZ

María Eugenia Pérez Montero <i>Concepción Arenal, una nueva revisión de sus ideas morales, sociales y políticas</i>	249
Filomena Peláez Solís <i>Concepción Arenal. La mujer y la abogacía</i>	261
José Ramón Ariño <i>Concepción Arenal en el pensamiento y los ideales de la burguesía revolucionaria 1808-1874</i>	271
José Luis de la Cuesta Arzamendi <i>La corrupción ante el derecho y la justicia</i>	281
Carmen Suárez Mújico <i>La cárcel y la reincorporación social</i>	293
Francisco Rodríguez <i>Concepción Arenal con Rosalía de Castro ao fondo</i>	297

FERROLTERRA-PERFILES

José María Blanco Núñez <i>Jorge Juan y la construcción naval en Ferrol</i>	309
Mariano Juan Ferragut <i>Jorge Juan: misión en Londres y la construcción naval española</i>	317

DEFENSA E SEGURIDADE

Miguel Ángel Fernández y Fernández <i>Guerra cibernética</i>	329
---	-----

CIENCIA E TECNOLOXÍA

Fernando González Laxe <i>La teoría de la path-dependence y la gestión pesquera europea</i>	343
--	-----

CURRÍCULA	359
------------------------	-----

Chegados a estas datas, coa edición dun novo número de *FerrolAnálisis*, resulta difícil dicir algo novo e orixinal sobre esta revista que non mencionaran anteriormente os meus predecesores neste mesmo cometido. *FerrolAnálisis* é unha revista consolidada de calidade e interese internacional pero non porque os sucesivos responsables da mesma nos empeñemos en subliñalo unha e outra vez, senón pola súa extensa e prestixiosa nómina de colaboradores e a profundidade intelectual dos seus artigos. Convídate lector, a que o comprobemos por ti mesmo. Podes facer unha lectura lineal coa suxestión do índice que nosoutros propoñemos ou abrir a revista ao chou. De calquera das dúas formas, a lectura dos artigos que atopas avalará e empobrecerá o que eu poida dicir desta revista. Claro que tamén, avezado lector, podes facer o teu propio plan de lectura a modo dun Cortázar transgresor. De ningunha das maneiras quedarás defraudado.

E chegados a este punto da edición dun novo número de *FerrolAnálisis*, resulta inevitable non subtraerse ao debate sobre o proceso de dixitalización das publicacións ou a pervivencia da edición en papel. Ten sentido seguir editando unha revista como esta en papel?

Difícil resposta. Hai no mundo editorial bastante dúbidas ao respecto, pero no mundo xornalístico, e esta revista é un produto xornalístico, á incerteza engádense outros factores que fan que calquera cousa que se diga por agora é, cando menos, aventurado.

Vexamos algúns datos. Temos que congratularnos de que os hábitos de lectura vaian en aumento. Segundo a Federación de Gremios de Editores de España, no ano 2012 aumentou lixeiramente a porcentaxe de lectores de libros ata situarnos nun 63% da poboación, deles só o 12% len en formato *eBook*, aínda que non nos

cabe dúbida de que esta porcentaxe aumentará vertixinosamente.

Os lectores de revistas en papel son o 48% pero os lectores de webs, blogs e foros están moi preto, o 46%. É sabido que nas páxinas webs estase a crear unha linguaxe nova, máis sintética, con profusión de hiperenlaces que faciliten a interacción entre textos, imaxes... buscando outros efectos que a simple lectura que en moitas ocasións non chega ao final do artigo. Diversos estudos indican que un lector web emprega vinte e cinco segundos para ler unha páxina nun ordenador, mentres que dunha páxina web, un visitante só consume o 28% da información escrita.

Estes datos dannos pistas sobre o que debemos facer no futuro de *FerrolAnálisis*? É *FerrolAnálisis* unha revista que se poida ler contando os segundos? Penso que non.

Este mes saen á rúa dúas iniciativas xornalísticas moi diferentes pero cun mesmo tronco informativo. Por un lado, un xornal nacional aposta por unha dixitalización con información *ad hoc* para os novos dispositivos tecnolóxicos; polo outro, en breve veremos unha revista cultural e xornalística galega que aposta polo papel, sen obviar adaptacións a formatos móbiles. Desde aquí saudamos ambas as dúas iniciativas e desexámoslles unha longa vida, que quizá amosen o camiño a seguir. Sexa como for, de momento apostamos por *FerrolAnálisis* tal e como, lector, tes agora nas túas mans. E apostamos porque temos o decidido apoio que o noso mecenas, a Deputación da Coruña, depositou no Club de Prensa de Ferrol para que este novo número saíse á luz. Desde aquí desexamos tamén unha longa vida a este patrocinio, fundamental para seguir existindo.

María Ares Sanmartín
Club de Prensa de Ferrol
Presidenta